

As organizacións sindicais **CIG-SAÚDE**, CCOO, CSIF, SATSE SAE e UGT, esixen ao goberno galego e á Consellaría de Sanidade, que, de inmediato, se inicie na Mesa Sectorial do SERGAS a negociación da recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais, conxelados desde o ano 2010.

Se estamos na senda da recuperación económica, e froito disto o Presidente da Xunta decreta para el, e para os altos cargos do seu goberno un incremento salarial do 7.5% e do 7% respectivamente; non pode seguir conxelando as nosas retribucións indefinidamente.

A recuperación dos acordos non é un incremento salarial, senón respectar o dereito das/os traballadoras/es da Sanidade Pública a recuperar os salarios roubados nestes anos. Xa que estes salarios son froito da negociación colectiva na Mesa Sectorial, e coma tales acordos teñen carácter de norma.

Estamos a falar de recuperar os seguintes dereitos salariais:

O das/os traballadoras/es de atención primaria a percibir o 100% da retribución dos conceptos d

Desde o ano 2010 están a cobrar o 80% do valor da atención continuada

O dereito de todas/os a percibir as retribucións que o acordo salarial 2008/10 recolle para os ano

Coa conxelación do acordo 2008/12, as retribucións dos complementos de atención continuada que se

A recuperación de suba salarial, para todos os colectivos que recolle este acordo.

O dereito de todas e todos a percibir a retribución da carreira profesional. Tamén conxelada des

Pendente de executar no réxime extraordinario: persoal diplomado sanitario, persoal sanitario de Forma

Pendente de Negociar: enlace entre o réxime ordinario e o extraordinario, e a carreira ordinaria.

Recuperación do 100% do complemento retributivo en situación de I.T

O persoal do SERGAS tamén ten dereito a enfermar. Como en Función Pública, presentación do parte

Participa. O teu salario é froito do teu traballo, que non cho sigan roubando.

ORZAMENTOS 2017

O persoal do SERGAS exige:

- **Recuperación dos acordos suspendidos no 2010:**
 - **Acordo retributivo**, que poñía ao persoal do SERGAS na media retributiva dos servizos de saúde (coa suspensión estamos máis á cola ca nunca).
 - **Acordos de Atención Primaria**, que equiparaban as condicións en canto a nocturnidade, festividade, penosidade...
- **Eliminación da Lei de Medidas Temporais**, que ían ser temporais mentres non rematara a crise, pero inda que agora falan de recuperación, seguen mantendo esta Lei, que implica, entre outras cousas, a merma retributiva en caso de IT
- **Eliminación das diferenzas nas condicións do persoal da Sanidade Pública e do persoal de Función Pública**, no que respecta á flexibilidade á hora de entregar o parte de baixa, posto que en Función Pública permítense 3 días sen entregar o parte de baixa (e sen desconto na nómina), mentres que no SERGAS hai que entregalo o primeiro día, polo que o desconto retributivo é desde o primeiro día.
- **Recuperación da Carreira Profesional**, retomando a extraordinaria que foi suspendida e iniciando dunha vez a negociación para que o persoal que ten dereito a Carreira poida acceder a ela.

CONCENTRACIÓN

MÉRCORES, 1 DE FEBREIRO DE 2017, 11H

EXPLANADA DO SERGAS

